



Galicia

GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 700 Semana do 17 ao 23 de outubro de 2016



Estase a celebrar unha asemblea de delegados en Santiago, organizada por UGT-Galicia, na que interveñen José Antonio Gómez e Pepe Álvarez

ESTA DEBERÍA SER A LEXISLATURA DAS CONTRARREFORMAS ÁS REFORMAS IMPOSTAS POLO ANTERIOR GOBERNO

Redacción.- Antes de comezar a asemblea de delegados que organizou hoxe UGT-Galicia en Santiago, os secretarios xerais de UGT confederal e do Sindicato en Galicia, Pepe Álvarez e José Antonio Gómez, tiveron un encontro cos medios de comunicación no que explicaron o contido desta asemblea e as mensaxes que se lle van trasladar aos delegados alí presentes procedentes de toda Galicia.

Pola súa banda, Gómez enmarcou esta asemblea nun proceso aberto e continuo de consulta e información cos delegados e indicou que, precisamente, neste acto se lle vai trasladar aos delegados o agradecemento polo traballo sindical realizado que permite que UGT siga sendo a primeira forza sindical en Galicia, a pesar do difícil contexto político no que hai que desenvolver a actividade do día a día.

Hoxe é unha data significativa para a realidade política en Galicia, constitúese o novo Parlamento, tras o último proceso electoral nesta Comunidade. Neste senso, de cara ao futuro Goberno, UGT considera que chegou o momento do cambio. Se as cousas van para mellor xa chegou o momento de que os cidadáns o perciban en termos de emprego e nunha realidade sociolaboral máis favorable para o conxunto dos galegos. Os datos feitos públicos onte referidos á despoioación da

nosa comunidade non son nada alentadores, Galicia esmorece, e o futuro Goberno galego está obrigado a modificar esta situación traballando por unhas condicións no traballo dignas que rachen coa normativa laboral imposta que só trouxo máis paro, precariedade e baixos salarios.

O secretario confederal de UGT, Pepe Álvarez, resaltou a importancia destas asembleas que enriquecen o proceso de diálogo permanente e bidireccional no que entrou o Sindicato tras a celebración do último Congreso coas súas bases.

Apuntou a tres obxectivos de traballo clave para o Sindicato nestes momentos. A nivel interno, rematar co proceso organizativo aberto para acadar un Sindicato con menos burocracia e que chegue mellor aos centros de traballo.

No eido da negociación colectiva, abriuse de novo o proceso de diálogo coa patronal para intentar renovar acordos que deben ter en conta o novo ciclo económico que obriga a



repartir beneficios entre os traballadores. Para o cal, hai que ir a un aumento de salarios acorde cun país que medra por enriba do tres por cento, ademais de intentar modificar por esta vía aspectos lesivos da reforma laboral ou recuperar a ultraactividade dos convenios. É o momento de restablecer os salarios co fin de consolidar a recuperación económica.

A UGT non lle importa o quen no Goberno, senón o para que

Fixo fincapé nas expectativas xeradas coa constitución dun novo Goberno e recalcou que a UGT non lle importa quen, senón para que. Esta debería ser a lexislatura das contrarreformas ás reformas que se tiñan imposto polo Goberno do PP e que só trouxeron miseria laboral e un mazado ao estado de benestar que tanto costou consolidar neste país. Urxe recuperar dereitos laborais e a dignidade no traballo. Recuperar salarios na función pública. Recuperar poder adquisitivo para os pensionistas. Abrir un debate fondo en relación ao futuro das pensións con medidas a corto prazo, que incluírían as subvencións á contratación (3.500 millóns de euros) que se poden recuperar ou o destope das cotizacións que pode xerar en torno aos 7.500 millóns de euros e, finalmente, recuperar o Pacto de Toledo e entrar a fondo no debate. Tamén chegou o momento de recuperar os dereitos e liberdades, derogando a Lei mordaza e garantindo a liberdade de folga sen restricións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A Xustiza española inicia un goteo de fallos sobre as sentenzas do TXUE sobre traballadores interinos e temporais

OS TRABALLADORES TEÑEN QUE ACCEDER AOS DEREITOS QUE LLES OUTORGA A SENTENZA DA UE

Un grupo de expertos designados por sindicatos, patronal e Goberno avaliarán nun mes o alcance do fallo

Redacción.- "Unha nova lexislación non vai poder cambiar as repercusións que as sentenzas da UE teñen para os traballadores e os dereitos, aos que dera lugar como consecuencia diso, van ter que pagar, á marxe do informe dos expertos" que designarán sindicatos, patronal e Goberno para avaliar o alcance das sentenzas, sinalou o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, ao termo da reunión que mantivo no Ministerio de Emprego. "Son dereitos dos traballadores", engadiu, "outra cousa sería que voluntariamente, por un cambio de lexislación, as empresas ou a propia administración pague ou adiante as consecuencias da non aplicación da lexislación europea".

A xuízo de Álvarez é o Goberno o que ten que tomar a iniciativa, "no momento en que haxa Goberno, e sería bo que houbera un amplo diálogo social e un acordo entre os



axentes económicos e sociais".

O secretario xeral de UGT enmarcou esta reunión coa ministra de Emprego, Fátima Báñez, o secretario xeral de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, e os presidentes de CEOE e CEPYME, Juan Rosell e Antonio Garamendi, na contorna de "retomar" o diálogo social "algo que me parece que é positivo e que espero que avance na futura lexislatura".

Pepe Álvarez apostou por un debate e un acordo sobre protección aos parados de longa duración, sobre todo dos maiores de 55 anos, ao igual en materia de desemprego xuvenil, "un drama importantísimo sobre o que habería que falar máis aló da garantía xuvenil, sobre o que temos que realizar unha avaliación conxunta tras coñecer os datos que ten o ministerio e extraer as consecuencias necesarias".

POR UN PLAN DE EMPREGO BASEADO EN CANTIDADE, CALIDADE E IGUALDADE

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, M^a Carmen Barrera, afirmou que "hai que crear emprego, pero de futuro" e que UGT avoga por un Plan de choque polo Emprego en base a tres obxectivos: Cantidade, Calidade e Igualdade.

Barrera, que ofreceu unha Conferencia sobre o "Emprego e a desigualdade durante a crise", describiu con cifras o actual panorama do noso mercado de traballo, colapsado pola precariedade, os baixos salarios e o recorte de dereitos dos traballadores, o que repercute nunha sociedade cada vez máis desigual e con maiores niveis de pobreza e exclusión social.

Neste sentido, denunciou que as dúas últimas reformas laborais devaluaron o traballo, de tal forma que o emprego que se crea é pre-

cario e pouco produtivo. A nosa taxa de temporalidade alcanzou no segundo trimestre de 2016 o 25,7% (11 puntos porcentuais máis que a media europea), cada vez hai máis traballo a tempo parcial involuntario (un 63,2% dos que traballan a tempo parcial é porque non atopan un emprego a tempo completo), aumenta o número de horas non pagadas nun 33% (de 2010 a 2015) e só 8 de cada 100 contratos son de carácter indefinido (aquí convén destacar a precarización da contratación, teoricamente estable, a través do contrato de apoio a emprendedores que na práctica funciona como un contrato temporal dun ano e cuxa utilización se disparou un 38% no último ano)

Barrera destacou tamén a dramática situación que viven os parados (o 58,2% do total leva máis dun ano no paro, só o 55,7% cobra algún tipo de prestación e, ademais,

descendeu o gasto por desempregado), a desvalorización salarial promovida pola reforma laboral de 2012 e o aumento da desigualdade e a pobreza (a poboación en risco de pobreza ou exclusión é xa do 28,6%, 4 puntos máis que en 2009).

Fronte a estas políticas equivocadas, Barrera expuxo algunhas das principais propostas sindicais que pasan por: a derogación das dúas últimas reformas laborais, establecer un Plan de Choque polo Emprego que aposte por traballos decentes, salarios dignos e co-rrixir as desigualdades, reforzar a protección social, establecendo unha Prestación de Ingresos Mínimos e afrontar o necesario cambio do actual modelo produtivo, apostando por unha industria forte e por actividades de alto valor engadido. Un cambio para garantir un crecemento xusto, equilibrado e sustentable.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

UGT DEMANDA UN PLAN INTEGRAL E ESPECÍFICO CONTRA A TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN LABORAL

Redacción.- No noso país, en 2015, detectáronse 10.835 persoas en risco de explotación laboral, fundamentalmente no sector agrícola. UGT, con motivo do Día Europeo contra a trata de seres humanos, que se celebrou esta semana, denuncia a ausencia, en España, dun plan específico para atallar a trata de seres humanos con fins de explotación laboral e a falta de iniciativa dos gobernos, desde o 2008, para dar resposta a unha realidade cada vez máis frecuente: a da vulneración de dereitos fundamentais no traballo.

O Sindicato, que destaca os progresos na loita contra a explotación sexual, grazas á aplicación, precisamente, dun plan específico cun orzamento que permita garantir a protección das súas vítimas, reclama un plan similar para abordar as formas máis graves de vulneración de dereitos fundamentais e laborais no mercado de traballo, que van máis aló de incumprir as normas laborais e convenios colectivos. Trátase de atallar situacións onde está en xogo a integridade física e a vida das persoas e nas que estas son tratadas como mercadoría. Non facer nada neste sentido é non querer recoñecer que esta realidade ocorre en Es-

paña.

UGT quere destacar que a existencia dun Plan específico no noso país contra a trata con fins de explotación sexual, así como, de orzamento que permite garantir a protección das súas vítimas, está a ter resultados positivos. Pero non ocorre o mesmo coa trata con fins de explotación laboral, carente de instrumentos específicos, e sen que os sucesivos gobernos desde o ano 2008 desen resposta a unha realidade que cada vez é máis frecuente: a da vulneración de dereitos fundamentais no traballo.

Segundo o informe do Ministerio do Interior "Trata de seres humanos. Delitos de odio" de 2015 detectáronse 10.835 persoas en risco de explotación laboral, fundamentalmente no sector agrícola. É preciso lembrar que vítimas de trata podemos ser todos, con independencia da nacionalidade e situación administrativa.

UGT reitera a necesidade de abordar as formas máis graves de vulneración dos dereitos fundamentais e laborais no mercado de traballo. A Lei e o Plan de loita con-



tra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, pensados fundamentalmente para recadar, non son o instrumento adecuado para afrontar unha realidade cada vez máis frecuente en España, que vai máis aló da vulneración de normas laborais e convenios colectivos. Estamos a falar de delitos especialmente graves, onde está en xogo a integridade física e a vida das vítimas, e mesmo das súas familias.

A ausencia de instrumentos específicos, e de garantías de protección ás vítimas, xeralmente de nacionalidade estranxeira e especialmente vulnerables, non pode por menos que interpretarse como a negativa para recoñecer que esta realidade

TRABALLOS E SALARIOS DECENTES CONTRA A POBREZA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores, con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, reclama traballos e salarios decentes, o que esixe a derogación das dúas últimas reformas laborais e poñer en marcha un gran Pacto polo Emprego no noso país, que solucione os graves problemas de desemprego, precarización laboral e subemprego.

A vicesecretaria xeral, Cristina Antoñanzas, puxo de manifesto a pobreza laboral que existe provocada pola actual normativa e destacou algúns dos datos que confirman a dramática situación que viven moitas persoas en España: o 35% dos traballadores cobra por baixo do Salario Mínimo Interprofesional, menos de 650 euros ao mes, e máis de 3 millóns e medio de españois ingresan nos seus fogares menos de 300 euros, por baixo do limiar da pobreza.

Ademais, 1 de cada 4 españois están en risco de pobreza; 1.700.000 fogares ten a todos os seus mem-



bro en paro, hai 700.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, a metade dos nosos mozos está en paro e a metade dos parados son de longa duración.

Antoñanzas cualificou estes datos de "inaceptables" e lembrou a demanda sindical dunha Prestación de Ingresos Mínimos para paliar "en certa medida" a pobreza dos fogares españois.

A vicesecretaria xeral de UGT criticou así as políticas neoliberais que conduciron á clase traballadora ás maiores cotas de pobreza e desigualdade social da historia recente do noso país. Así mesmo, puxo en valor o diálogo social e a negociación como única saída a esta realidade porque é intolerable que millóns de persoas estean abocadas á pobreza por non ter cabida no novo mercado laboral, á vez que unha minoría enriquecese de maneira brutal e desorbitada.

A MEDIACIÓN BENEFICIA CADA ANO A UNHAS 200.000 EMPRESAS E MÁIS DE 5 MILLÓNS DE TRABALLADORES

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Piñeiro, e a secretaria executiva confederal do sindicato, Isabel Araque, participaron nas XVII Xornadas da Fundación do Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA) "Os sistemas de solución autónoma de conflitos laborais. Retos e perspectivas de futuro".

Gonzalo Piñeiro, que interveu nunha mesa redonda na que se fixo balance do V Acordo sobre Solución Autónoma de Conflitos Laborais, manifestou que o balance destes Acordos de Solución Autónoma de Conflitos Laborais é positivo e que son efectivos, entre outras cousas, porque estiveron xestionados, de maneira autónoma, por quen máis coñecen as relacións laborais que son os axentes sociais.

Piñeiro destacou a vontade das organizacións asinantes, CEOE, CEPYME, CCOO e UGT, desde o primeiro Acordo por desenvolver un mecanismo de solución de conflitos que contribuíse a "establecer un clima máis participativo e dialogante nas relacións laborais e fortalecese e impulsase a auto-

mía das partes na solución dos problemas expostos nas empresas e das condicións laborais dos traballadores".

"Sempre é necesaria máis negociación colectiva porque esta configura un modelo de relacións laborais máis participativas e fluídas, capaces de resolver a tempo e de maneira equilibrada, os eventuais conflitos. Ademais, a mediación é un instrumento de eficacia xa demostrada que permite un maior protagonismo das organizacións sindicais e patronais", afirmou.

Neste sentido, puxo en valor un mecanismo que se foi consolidando e reforzando e que "só no ámbito estatal xestionou máis de 4.600 procedementos de mediación e arbitraje, afectando cada un dos últimos anos a unha media de 200.000 empresas e a máis de cinco millóns de traballadores". Con todo, e a pesar de que o balance é positivo, tamén subliñou a importancia de introducir, de fronte ao futuro acordo, unha serie de elementos fundamentais para seguir avanzando.

"En primeiro lugar", sinalou, "é necesario que as institucións de solución autónoma de conflitos conten co apoio material e financeiro prestado ata agora polos poderes públicos que aseguren o correcto desenvolvemento do importante labor que realizan".

"Tamén hai que concretar actividades que potencien as comisións paritarias, desenvolver unha formación específica para os mediadores ou revisar os tipos de conflitos actuais para facilitar a súa utilización polos usuarios, abrindo as materias para que recollan aspectos máis amplos", engadiu, e animou aos sectores e empresas de ámbito superior á Comunidade Autónoma a que expoñan os seus conflitos no SIMA, participando como nós, do reto actual que supón para a negociación colectiva integrar os métodos de mediación e arbitraje no seu que-facer cotián.

As xornadas, que se desenvolveron no marco do XX aniversario da firma do Acordo sobre Solución Autónoma de Conflitos Laborais (ASAC) tiveron lugar na sede do ministerio de Emprego e Seguridade Social.

FALTA FORTALECER O SINDICALISMO DESDE UNHA PERSPECTIVA GLOBAL

Pepe Álvarez no debate sobre sociedade civil e cambio global organizado por El País

Redacción.- "Temos que reestablecer os equilibrios desde o punto de vista da globalización", aspecto no que o sindicalismo non avanzou o suficiente, sinalou o secretario xeral, Pepe Álvarez, no transcurso do debate sobre "sociedade civil e cambio global", organizado polo xornal El País, no Salón de Graos da Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid.

Álvarez, que lembrou que a Unión Xeral de traballadores naceu en 1888 baixo paraguas do movemento obreiro e é filla da primeira internacional, resaltou a importancia do sindicalismo na vida dos cidadáns e cidadás, pero recoñeceu que, a pesar de existir a Confederación Europea de Sindicatos e a Confederación Sindical Internacional, unha das "patas que falta é o fortalecemento do sindicalismo desde unha perspectiva global" porque hai que ter en conta as repercusións que teñen sobre os nosos dereitos os conflitos en calquera país asiático ou europeo.

Advertiu que, na globalización da economía, tal e como se está desenvolvendo, ou se introducen elementos democráticos -desde o punto de vista político por suposto- desde o punto de vista social ou realmente o progreso nacerá con moitas dificultades, con moitos conflitos. E, a este respecto, as organiza-



cións sindicais situarásenos outra vez máis desde unha perspectiva reivindicativa que construtiva.

Temos que ser conscientes, sinalou Pepe Álvarez, que un país pouco desenvolvido, que produce pouco valor engadido, que só pensa na explotación, rápida, fácil e a produción en palanca terá uns sindicatos moi combativos. Un país que crea no valor engadido dos seus produtos, na formación e na participación do traballador nos procesos produtivos das empresas, ou a participación do sindicato nos elementos que proporcionan o estado de benestar, teñen que ter uns sindicatos moito máis implicados en todos os procesos de participación democrática.

O secretario xeral de UGT destacou que o sindicalismo non só ten o seu papel no centro de traballo, senón tamén outro, que se denominou historicamente de clase, que xustamente o que tenta é intervir en todos os temas. Isto é o que nos diferencia dos de clase e corporativos, e é que temos unha visión máis integral e que procuramos que a sociedade funcione dunha forma máis equilibrada. Nos últimos anos, a sociedade foi enriquecéndose coa interacción doutros movementos, "que os sindicatos fomos acompañando, se nos pareceu que a súa posición é xusta, como o movemento ecoloxista, ou contra as hipotecas, que fomos UGT e CCOO os que recolle-mos todas as firmas que se entregaron no congreso dos deputados".

FE SP CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE O DÍA 26 E A SECUNDAR A FOLGA NO ENSINO

Redacción.- FeSP-UGT Galicia, membro da Plataforma en Defensa de Ensino Público de Galicia, chama á comunidade educativa, que somos todos (pais e nais, docentes e alumnado), a rebelarse contra as reválidas impostas pola administración educativa, participando nas mobilizacións previstas para o 26 de outubro.

Un Goberno en funcións está a impoñer unha lei educativa, a LOMCE, maioritariamente rexeitada pola comunidade educativa e a sociedade en xeral.

A última medida, quizais a máis regresiva, é a implantación neste curso das reválidas, que poden ser a causa de que o alumnado, aínda que teña aprobados os cursos correspondentes, ben da ESO, ben de Bacharelato, quede sen título académico, vendo así comprometido o seu futuro laboral e académico.

Ademais de prexudicar ao alumnado, as reválidas cuestionan o labor dos docentes e entran incluso en contradición con outros aspectos da propia LOMCE, como a

avaliación continua. Semella, pois, que ao labor do profesorado debe darlle o visto e prace un exame externo que pode anular o resultado da avaliación continua, establecida na propia lei. O resultado do traballo de varios anos dos docentes e do alumnado xúlgase nunha proba externa realizada nuns determinados días.

A isto cabe engadir que, aínda agora, se descoñecen aspectos importantes da natureza destas probas o que produce incertidume no alumnado e no profesorado, que hoxe en día non saben como afrontalas.

As reválidas son un salto atrás no tempo e na pedagogía produto da “mala educación” retrógrada, clasista e reaccionaria do Partido Popular.

Representantes do Sector de Ensino de FeSP-UGT Galicia, con outros membros da Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, reuníronse cos grupos parlamentarios do PSdeG e de En Marea co fin de obter o apoio destes grupos par-

lamentarios na loita contra a LOMCE. Ambos grupos prometeron o seu apoio e toda a colaboración posible para acadar o fin último destas protestas, a derogación da LOMCE.

FeSP-UGT Galicia apoia a folga convocada polo Sindicato de Estudiantes, o baleirado de aulas propugnado pola CONFAPA e chama a toda a comunidade educativa e á sociedade galega en xeral a amosar nas rúas o total rexeitamento da LOMCE e unha das últimas e máis perniciosas medidas: as reválidas.

As mobilizacións convocadas son todas o día 26. En Ourense ás 19.30 na Subdelegación do Goberno; en Vigo ás 12.00 horas dende a Praza de América ata a Porta do Sol; en a Coruña, ás 19.30 horas na Delegación do Goberno; en Pontevedra ás 18.00 horas na Praza da Peregrina; en Santiago, ás 12.00 horas diante da Consellería de Educación; en Ribeira ás 19.30 na Praza do Concello; en Lugo ás 19.30 diante edificio da Xunta; en Ferrol, ás 12.00 no edificio Administrativo da Xunta.

FE SP ESIXE AO SERGAS QUE ESTABILECE AS PRAZAS VACANTES CUBERTAS DE XEITO IRREGULAR



Redacción.- Centos de persoas, convocadas por UGT, CIG, CSIF e SAE, mobilizáronse este xoves nos hospitais públicos galegos para demandar ao Sergas que estableza as prazas vacantes cubertas de xeito irregular.

Para iso, demándase a convocatoria da mesa sectorial para que emerxan todas as prazas vacantes, cubertas con persoal eventual, para que estas se oferten por rigorosa orde de puntuación nas listas de contratación. Con posterioridade, estas prazas serían ofertadas nun concurso de

traslados e a OPE.

Hai que lembrar que os traballadores acceden ás listas de contratación polo seu esforzo e méritos. Esforzo por ter superado máis dun proceso de OPE, anos de experiencia laboral con contratos precarios e formación continuada que engade valor ao traballo que desenvolven.

Este sistema regrado non pode substituírse por un sistema de contratación en fraude de lei, nin estas prazas poden cubrirse a base de sentenzas xudiciais.

Os tribunais dan a razón a UGT e consolidan a conciliación no sector do contact center

Redacción.- En xuño do ano pasado, o Tribunal Supremo daba a razón a UGT na demanda que o sindicato interpuxo en solitario contra a empresa de contact center Transcom. Previamente, a Audiencia Nacional deu a razón a UGT ao recoñecer “o dereito dos traballadores de Transcom a que a concreción horaria da redución de xornada por garda legal se disfrute sen máis requisitos ou limitacións que as que aparecen contempladas nos artigos 32 e 33 do Convenio Colectivo de Contact Center, e en consecuencia, sen que a empresa poidalles esixir que dita concreción horaria realice obrigatoriamente dentro da súa xornada ordinaria diaria”.

Ante esta sentenza, algunhas empresas de contact center consideraron que a cousa non ía con elas e que a aplicación do expresado na sentenza só afectaba a Transcom. Ante esta situación, UGT demandou á representación empresarial ao completo (ACE) e os tribunais volveron a darnos a razón. Por tanto, a sentenza é firme e todas as empresas do sector deberán asumir este dereito que conseguimos en convenio e que avalaron os xuíces.

MOBILIZACIÓN CONTRA O ERE DO POPULAR-PASTOR EN VIGO E HOXE CONCENTRACIÓN FRONTE AO PARLAMENTO

Redacción.- Seguindo co calendario de mobilizacións programado contra o ERE do Popular-Pastor, este xoves, centos de persoas concentráronse en Vigo, fronte á oficina principal do Banco Popular, en Polcarpo Sanz.

Dende FeSMC insítese en rexeitar un ERE que supoñería o despedimento de 435 persoas en Galicia dun total de 2.900 en todo o Estado. En Galicia a entidade estableceu o peche de 42 oficinas, delas 16 na provincia da Coruña; 19 na de Pontevedra, cinco na de Ourense e outras dúas na de Lugo.

Javier Castro (FeSMC) cualificou como “inadmisibles” as últimas propostas do banco. Un “insulto” para uns empregados que sacaron adiante a última ampliación de capital e a de 2012. O Popular propón despedimentos con 28 días e prexubilacións con ata o 75 por cento do salario no mellor dos casos.

Ao longo do día de hoxe, coincidindo coa constitución do Parlamento galego, tamén está convocada unha concentración no Hórreo e, ademais, está previsto que as cidades de



Ourense e Lugo acollan sendas mobilizacións en vindeiras datas.

UNHA CADEA HUMANA RODEA A TORRE DE HÉRCULES CONTRA O ERE DE EXTEL

Redacción.- Centos de persoas protagonizaron este martes unha cadea humana que rodeou a Torre de Hércules contra o ERE de Extel.

ERE que prevé o despedimento de 205 traballadores no centro de A Coruña, do total dos 355 previstos en todo o Estado.

Isto supón que o centro de traballo de A Coruña vai ser o máis prexudicado por unha medida que dende FES-Coruña cualifican como innecesaria porque a carga de traballo segue a ser suficiente para manter a actual plantilla e alertan que detrás deste ERE podería haber un posible intento de deslocalización cara outros países coa man de obra máis barata.

O Comité de empresa do centro de A Coruña vai levar adiante todas as medidas necesarias para intentar parar este ERE. Ademais dos paros, concentracións e manifestacións, xa se abriu un calendario de contactos cos grupos políticos para intentar buscar apoios e solucións a unha situación moi preocupante.



OS TRABALLADORES DA SANIDADE PRIVADA MOBILÍZANSE “POR UN CONVENIO DIGNO”

Redacción.- Este luns traballadores da sanidade privada da provincia de A Coruña protagonizaron unha nova concentración, despois de terse celebrado xa as de Santiago e A Coruña, en Ferrol, fronte ao Hospital Juan Cardona, para demandar un convenio digno.

Denuncian a falta de avances na negociación do convenio pola negativa da patronal a modificar a súa proposta inicial. Dita proposta descarta calquera modificación ou mellora nas condicións laborais, xa que só oferta un leve incremento salarial do 0,6 por cento, ademais de poñer enriba da mesa unha vixencia do convenio de tres anos.

Dende FeSP-UGT criticase o feito de que se rexeite calquera iniciativa que supoña unha mellora e avance nas condicións de traballo.

